



XUNTA DE GALICIA

DELEGACIÓN TERRITORIAL
DE PONTEVEDRA

Xefatura Territorial da Consellería de
Cultura, Educación e Ordenación Universitaria
Equipo de Orientación Específico

Edificio Administrativo Campolongo
Avda. Fernández Ladreda 43 - 8º
36003 **PONTEVEDRA**
Teléfonos: 986 805920 / 80 5655 Fax: 986 805937
e-mail: eoe.pontevedra@edu.xunta.es

DETECCIÓN DE ALUMNADO, EN CENTROS, CON HABILIDADES E INICIATIVAS EMPRENDEDORAS

ACCIÓNS e ACTUACIÓNS para a busca de posibles e futuros emprendedores

- + Detectar e ver as **posibilidades** das persoas para ser emprendedoras.
- + Coñecer e intercambiar **experiencias** xa constatadas.
- + **Sensibilización e motivación** (valoración, premios, difusión ...).
- + Asignar ou buscar a **persoa/persoas de referencia** dentro do centro.
- + Buscar **outras opcións** con entidades externas que colaboren na posta en funcionamento.

¿QUE PERSOA OU PERSOAS O PODERÍAN FACER?

1. O **profesor/a titor/a** dos respectivos cursos dentro de cada ciclo formativo.
2. O profesor/a de **Formación e Orientación Laboral**.
3. O Xefe do **Departamento de Orientación**.
4. **Axentes externos**: un titor/a de viveiros de empresas doutros centros, o especialista de Orientación Vocacional e Profesional do Equipo de Orientación Específico...

¿COMO, QUE e ONDE?

1. A través das **reunións de ciclo ou nivel**, xa **a partir da avaliación inicial** a comezos de curso, implicando -na medida do posible- a todo o profesorado para a detección.
2. Estudo dos perfís de posibles **alumnos/as que manifesten ideas emprendedoras**: análise do emprendedor e da idea, os riscos, a viabilidade, posible entrada no viveiro...

José Raposeiras Correa.

Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.
Equipo de Orientación Específico de **Pontevedra** / Curso 2012/2013.

3. Propoñer e proporcionar **ferramentas de apoio aos profesores/as** que queiran participar: plan eduemprende, rede de viveiros de centros, enquisas e cuestionarios sinxelos para recollida de información, aspectos relativos ás habilidades de xestión da carreira, modelos de entrevistas, test, guías de recursos, modelo de plan de negocio... **Capacitación.**
4. Facilitar **colaboración, seguimento e asistencia técnica** dos profesionais existentes, ben sexa dende dentro do centro educativo ou, de ser o caso, tamén dende fóra: localización, proxecto e creación da empresa (contorno sociocultural, normativo e tecnolóxico), formas de contratación, selección de persoal, xestión e dirección dos recursos humanos e materiais, plan económico...

OBSERVACIÓNS

1. Cómpre buscar **profesionais que se impliquen, ben informados e interesados, que crean no que se vai facer, que participen e que asuman responsabilidades.**
2. Consideramos que se debe comezar a **traballar xa dende a formación inicial** dos alumnos e alumnas do sistema educativo. Neste caso e como punto de partida, o obxectivo prioritario ímolo centrar na etapa educativa da **ESO, BACH e FP.**
3. As **familias e o profesorado** son os que mellor coñecen aos rapaces e rapazas xa que pasan moitas horas con eles. Nós debemos **tratar de implicalos....** Procuraremos que crean no que se pretende, nos seus posibles e futuros beneficios.
4. No marco de intervención provincial do Equipo de Orientación Específico, o especialista correspondente pode desempeñar un rol de facilitador na **conexión vía intercentros**, participando no **intercambio de experiencias**, incidindo na **cultura do emprendemento e a empresarialidade**, colaborando mediante **consultas de atención externa** ou a través dos **procesos de asesoramento e de información/formación.**
5. Parécenos importante propiciar **charlas de exalumnos/as** que conten as súas experiencias do autoemprego, das iniciativas emprendedoras, da análise de dificultades, onde recibiron asesoramento e axudas, a xestión dos recursos e dos espazos ...

>>> Para localizar e sensibilizar ás alumnas e alumnos que teñan ideas e inquietudes polo fomento do espírito emprendedor e da creación dunha empresa con futuros postos de traballo, é preciso que as persoas que o poidan facer (profesores titores, coordinadores de emprendemento, responsables dos viveiros de empresas nos centros, orientadores ...) o leven a cabo dun xeito coordinado. **Comezaríase o proceso a nivel de grupo (aula/centro), continuando, tras un primeiro “varrido” de carácter xeral, con aqueles alumnos/as seleccionados nos que se atopasen aspectos significativos para orientalos xa a través de entrevistas**

José Raposeiras Correa.

Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.
Equipo de Orientación Específico de **Pontevedra** / Curso 2012/2013.

individuais. De seguido, propoñemos algunha ferramenta que pode servir de axuda -como punto de partida- para fomentar a motivación neste sentido e para intentar captar posibles suxeitos interesados:

CUESTIONARIO / ENQUISA XERAL DE AULA PARA A RECOLLIDA DE INFORMACIÓN

DATOS PERSOAIS

- Nome e apelidos:
- Data e lugar de nacemento:
- Enderezo:
- Teléfono:

DATOS DO CONTORNO FAMILIAR

- Nome do pai: Idade: Profesión:
- Nome da nai: Idade: Profesión:
- Número de irmáns (incluído): Lugar que ocupa entre eles:
- Profesión ou nivel de estudos dos irmáns:

Nome	Idade	Profesión ou estudos

- ¿Vive alguén máis no teu enderezo familiar?
- ¿Con quen da túa familia prefires falar sobre cousas que che interesan ou preocupan pensando no teu futuro académico/profesional ou laboral?
- ¿Por que?

DESENVOLVEMENTO PERSOAL

- ◆ Indica –se procede- as enfermidades importantes que padeciches:
- ◆ ¿Tes algunha minusvalía? ¿Cal?

- ◆ ¿Cal é o teu estado de saúde actual?

.....
.....

HÁBITOS, INTERESES e ASPIRACIÓNS

- ¿Tes algún problema durante o sono? ¿Cal?
- ¿Es ordenado nas túas cousas?
- ¿Colaboras nos traballos da casa? ¿En cales?
- ¿Cantas horas ves a televisión, normalmente?
- ¿Canto tempo empregas no uso das novas tecnoloxías (Internet, redes sociais, teléfono móbil ...)
- ¿Cales son as túas afeccións ou “hobbys”?
- ¿En que empregas o teu tempo libre?
- ¿Que che gustaría facer no tempo de lecer e que non fas agora?
- ¿Tes facilidade para facer amigos?
- ¿Gústache ler? ¿Que tipo de lectura prefires?
- ¿Practicas algún deporte? ¿Cal ou cales?
- ¿Qué che suxiren os termos?:
 - 1) Formación académica
 - 2) Experiencia laboral
 - 3) Aprender dos demais
 - 4) Traballar en equipo
 - 5) Coñecer idiomas
 - 6) Informática
 - 7) Redes sociais
 - 8) Carné de conducir
- ¿Tes algún proxecto para a túa vida académica ou profesional de futuro? En caso afirmativo, escríbeo:
.....
.....
- ¿Gustaríache montar un negocio ou empresa e ser o responsable das súas actividades? ¿Paréceche que isto é difícil? Precisarías asesoramento ao respecto?
expón cal ou cales
.....
.....

José Raposeiras Correa.

Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.
Equipo de Orientación Específico de **Pontevedra** / Curso 2012/2013.

- Cando remates os teus estudos, ¿que pensas facer? ¿Opinas que podes contar ou pedir axuda a alguén ou nalgún lugar? Exprésalo o que consideres oportuno.

.....

HISTORIA ESCOLAR

- ♦ Curso académico e estudos que realizas:
- ♦ Centro Educativo:
- ♦ Escolarización actual: ESO, Bacharelato, FP de Grao Medio / FP de Grao Superior (sublíñase o que proceda).
- ♦ Nome do **Ciclo Formativo** e da correspondente **Familia Profesional**, de ser o caso

.....

1. Acceso ao Ciclo de **GRAO SUPERIOR**

- ☐ Título de Bacharelato
- ☐ Probas de Acceso a Ciclos Superiores
- ☐ Probas de Acceso á Universidade superadas
- ☐ Titulados Universitarios
- ☐ Procedentes do mundo laboral con requisitos previos
- ☐ Outros

2. Acceso ao Ciclo de **GRAO MEDIO**

- ☐ Graduado da ESO
- ☐ Probas de Acceso a Ciclos de Grao Medio
- ☐ PCPI e proba de acceso
- ☐ Procedentes do mundo laboral. Especificíquese con que titulación/estudos:
 - Graduado en ESO
 - Con 2º de BUP superado
 - Bacharelato
 - FP I
 - Despois de abandonar os estudos de Bacharelato
 - Outros

3. Ao longo da túa escolaridade, ¿houbo cambio de familia ou de perfil profesional, nos estudos?

.....

4. ¿Ao alumno/a parécelle que vai ser capaz de superar estes estudos e acadar así a **Titulación** correspondente?

5. Nalgún momento, a túa situación actual foi ou é de:

- ☐ Desempregado/a
- ☐ Ocupado/a cun traballo remunerado
- ☐ Desempregado/a con experiencia laboral

6. Posto de traballo que desempeñas ou desempeñaches, se fose o caso:

.....

¿Como o conseguiches?

Nome da Empresa:

José Raposeiras Correa.

Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.
Equipo de Orientación Específico de **Pontevedra** / Curso 2012/2013.

7. ¿Pensas en continuar estudando ou formándote?

- ☐ Si
☐ Non

En caso afirmativo, precísese o tipo de estudos: -----

8. A túa predilección, relativa á inserción laboral, é:

- ☐ Un traballo por conta allea
☐ Por conta propia

◆ Indica o centro ou os centros educativos onde cursaches os teus estudos de Primaria:

Nivel Educativo	Centro	Localidade

◆ Ídem para os centros de Ensino Secundario ou de Formación Profesional:

Nivel educativo	Centro	Localidade

◆ ¿Repetiches na etapa educativa de Primaria? ¿En que ciclo?.....

◆ ¿E na ESO, BACH ou FP? En caso afirmativo, ¿en que curso ou cursos repetiches?
.....

◆ ¿Cal foi a cualificación global da ESO? ¿E a do BACH?
..... ¿E a de FP?

◆ ¿En que materias acadaches os mellores resultados e cales son as que che gustan máis?
.....
.....

◆ ¿En cales atopaches maiores dificultades?
.....

◆ Para desempeñar un traballo ou profesión con garantías de éxito, ¿crees que é condición sine qua non o ter un bo expediente académico? Explica brevemente a túa opinión
.....
.....

➤ **OBSERVACIÓNS** (outros datos que se consideren de interese ou que sexan significativos en relación á transición ao mundo laboral ou á creación de emprego e do fomento da cultura emprendedora): -----

José Raposeiras Correa.

Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.
Equipo de Orientación Específico de **Pontevedra** / Curso 2012/2013.

TIPOS DE PERSONALIDADE A CONSIDERAR

OBSERVACIÓNS DENTRO DA AULA A NIVEL INDIVIDUAL E GRUPAL

Partimos da clasificación que HOLLAND fai, sobre os diversos trazos de personalidade. Ao respecto interézanos saber **¿con cal destas características se pode identificar aos futuros alumnos/as emprendedores?**, para a elección de itinerarios formativos e/ou para elaborar propostas de tipo prelaboral/laboral fomentadoras do autoemprego e das iniciativas emprendedoras con perspectivas da creación de traballo.

1. PERSONALIDADE DE TIPO ARTÍSTICO **A**. Pertencen a este tipo, os individuos creativos que prefiren traballar cos seus propios cerebros e a partir das súas ideas persoais. Gustan da imaxinación, a innovación e a creación. Non son partidarios das normas nin dos esforzos físicos. Foxen das actividades ordenadas ou estruturadas.

>>> **Trazos da súa personalidade:** son persoas imaxinativas, intuitivas, idealistas, expresivas, artísticas bohemias, en parte desexosas de illarse das demais ou de facer as cousas individualmente.

2. TIPO CONVENCIONAL **C**. Gústalle as cousas ordenadas, calculadas e sistematizadas. Prefiren traballar con datos (cifras, números, palabras, códigos, linguaxes).

>>> **Trazos:** caracterízanse por ser persoas ordenadas, detallistas, eficaces, concienciadas e moi ríxidas consigo mesmas. Controlan moito os seus horarios e as súas actividades.

3. TIPO EMPRENDEDOR **E**. Á xente de tipo emprendedor agrádalle influír sobre os demais, dirixir, organizar, mandar, controlar, coordinar, supervisar ... sempre pensando en obter beneficios económicos e de progreso. Normalmente non lle gustan os traballos intelectuais e de concentración e prefiren ser, eles mesmos, os empresarios dos seus propios negocios ou actividades profesionais.

>>> **Características desta tipoloxía:** maniféstanse como suxeitos ambiciosos, dominantes, persuasivos, enérxicos e seguidores da moda.

4. TIPO INVESTIGADOR **I**. Individuos aos que lles gusta observar, profundar, analizar, estudar e buscar as causas e resolver problemas abstractos e difíciles. Rexeitan as cousas repetitivas ao igual que estar rodeado de xente, á hora de traballar.

>>> **Trazos:** homes e mulleres intelectuais, analíticos, concisos, reflexivos, curiosos e independentes.

5. TIPO REALISTA **R**. A este tipo pertencen xeralmente as persoas ás que lles agrada traballar con máquinas, obxectos ou ferramentas. O seu procedemento de actuar non vai pola liña de ensinar, de educar, de expresar as súas ideas ou pensamentos, de traballar con persoas ...

>>> **Trazos da súa personalidade:** Acostuman ser prácticos, materialistas, fortes e seguros de si mesmos, estables, sinceros e con apertura aos diversos contornos.

6. TIPO SOCIAL **S**. Persoas ás que lles gusta traballar cos demais, para tratar de conducilas ou servirles de guía, de orientación, de axuda ou para ensinalle. Rexeitan o traballo con ferramentas, maquinaria e outros obxectos.

>>> **Características desta tipoloxía:** a cooperación, os desexos de axudar e a comprensión, a socialización, o gran sentido ético e moral, a delicadeza e o tacto coas persoas, a diplomacia

José Raposeiras Correa.

Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.
Equipo de Orientación Específico de **Pontevedra** / Curso 2012/2013.

ENTREVISTA INDIVIDUAL

CAPTACIÓN DAS PERSOAS EMPREENDEDORAS

A finalidade principal da entrevista consiste en personalizar e complementar un pouco máis os datos recollidos a través do cuestionario/enquisa, facilitar **información bidireccional** e para comentar e contrastar os resultados acadados. Non se trata dunha simple conversa. Cómpre clarificar as cousas e centrarse nas preocupacións do alumnado, nos seus intereses, problemas e aspiracións. Débese comezar establecendo un bo “rapport”.

MOTIVACIÓN

¿Que pensas facer ao rematar os estudos ou incluso antes da finalización dos mesmos?

Aconséllase partir das seguintes preguntas: **¿quen son?, ¿a onde quero ir?, ¿que teño? e ¿que podo facer?**. Ninguén vai chamar á túa porta, polo que cómpre tomar a iniciativa procurando non autodescartarse. **Buscar ou crear un posto de traballo** -como tal- é un auténtico traballo. Cómpre ser realistas, **saber, saber facer, saber estar e saber ser**. Ser conscientes das propias posibilidades e saber estar no lugar e no momento oportuno.

SUXESTIÓNS

- ❖ Iniciar a entrevista cunha boa relación de confianza, preguntándolle por algún tema do que supostamente lle gustaría falar (afeccións musicais, deportes, cine, informática, etc). Comentar algúns aspectos significativos, por exemplo os resultados académicos -se fose o caso- as materias que menos lle gustan ou as que máis lle gustan, alteracións que percibiu ó cambiar de etapa educativa (de Primaria a Secundaria ou de Secundaria a Bacharelato ou a Formación profesional), expectativas ...
- ❖ No suposto de que se dispuxese de datos, comentar aspectos do carácter e personalidade do alumno ou alumna. Aspectos que puidesen interferir no rendemento laboral ou escolar: fobias, depresións, ansiedade, inquietudes, curiosidade, timidez, etc.
- ❖ Analizar os **hábitos e as habilidades de xestión da carreira**: organización dos horarios, xestión e organización dos recursos e dos espazos; planificación, publicidade, dereitos e deberes, **regras de xogo e pautas de actuación para facerlle fronte á empresa**, produción e consumo, tempo dedicado ás actividades lecer e tempo libre, etc; aspecto físico e ambiental; metodoloxías , materiais
- ❖ Procurarase ser sensibles a certas informacións que o alumnado nos puidese proporcionar, relacionados con aspectos da súa vida privada e que lles resulten preocupantes como a falta de interacción cos compañeiros e compañeiras, o clima laboral, o salario emocional; posibles defectos físicos, tartamudez, timidez, rivalidade fraternal, carencia de habilidades sociais e de relacións interpersoais, problemas económicos na familia, etc. Se os entrevistados teñen a seguridade na confidencialidade da conversa, “abriranse” máis para comentar temas persoais, familiares, económicos, sociais e académicos e para recibir axuda.
- ❖ Nun proceso de análise relativa a un **proxecto viable de traballo para a creación dunha empresa, interesa contrastar os posibles datos recollidos**, partindo da avaliación de todas as variables posibles que poidan incidir no mesmo: intereses profesionais, actitudes, aptitudes, personalidade, valores, motivación, rendemento académico, posibles limitacións, preferencias e perspectivas profesionais, situación familiar, factores de tipo académico e laboral...). Sería preciso analizar varias **profesións/negocios** e os seus factores de risco, o campo e a **realidade ocupacional da zona**, informacións dos diferentes estudos de tipo económico e comercial, o márketing, a captación de clientes, etc.

José Raposeiras Correa.

Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.
Equipo de Orientación Específico de **Pontevedra** / Curso 2012/2013.